



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE SETEMBRO DO DOUS MIL OITO.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García , D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, , D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D. Celestino V. García Paz D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARÍA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do vinte e dous de setembro do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, e o Interventor municipal, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declarase aberto o mesmo.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SESIÓNS SEGUINTES:

- ORDINARIA DO DÍA 23 DE XUÑO DO 2008.

Polo Sr. Alcalde se pregunta aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que fazer á acta da sesión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2008, producíndose a intervención do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que pide que na páxina 23, no parágrafo 5 do punto 6.1, onde dí: "... di que no documento do prego de contratación que se lles pasou, que figura o termo "borrador"...", ten que dicir: "... dí que no documento do prego de contratación que se lles pasou, que figura o termo "borrador", que lle parece unha burla para os cidadans de Viveiro".

Non producíndose outras intervencións, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación a dita acta.



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

- **EXTRAORDINARIA DO DÍA 17 DE XULLO DO 2008.**

Polo Sr. Alcalde se pregunta aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 17 de xullo de 2008, non producíndose ningunha, polo que se aproba por unanimidade.

- **EXTRAORDINARIA DO DÍA 21 DE XULLO DO 2008.**

Polo Sr. Alcalde se pregunta aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 21 de xullo de 2008, non producíndose ningunha: polo Sr. Alcalde indicase que na páxina 7, reflíctase que a intervención do Concelleiro do BNG, prodúxose amtes de efectuar a votación do punto e non despois como efectivamente foi; a seguir, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación a dita acta coa dita Salvedade.

- **ORDINARIA DO DÍA 28 DE XULLO DO 2008.**

Polo Sr. Alcalde se pregunta aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2008. Polo que o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dí que no parágrafo 5º, na súa intervención refíruse á xornada laboral de 65 horas e non de 48 horas como se fai constar; non producíndose outra intervención, o Pleno da Corporación, por unanimidade, aproba a citada acta coa dita corrección.

- **EXTRAORDINARIA DO DÍA 19 DE AGOSTO DO 2008.**

Polo Sr. Alcalde se pregunta aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación ou aclaración que facer á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 19 de agosto de 2008, non producíndose ningunha, polo que se aproba por unanimidade.

2.- **FIXACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2009.**

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, dáse conta de que, a efectos de cumplir o prazo fixado pola Delegación Provincial da Consellería de Traballo, cómpre tomar acordo das festas locais de Viveiro para o ano 2009 que van ser: martes de Antroido, que o próximo ano é o 24 de febreiro e o día 17 de agosto, por ser domingo o día 16, festividade de San Roque.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda fixar as seguintes festas locais para o ano 2009:

- Martes de Antroido, día 24 de febreiro.
- 17 de agosto, por ser domingo o día 16, festividade de San Roque.

Dáse traslado á Delegación Provincial da Consellería de Traballo.

3º.-**DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA**

Polo Sr. Alcalde dáse conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía

4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, RELATIVAS A:

4.1.- REFORZO DOS MEDIOS DE SALVAMENTO AÉREO NA COSTA NORTE DE GALICIA.

O Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, cede o uso da palabra ao Concelleiro do mesmo grupo, D. Celestino Valentín García Paz, que da lectura da moción, que, textualmente, dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Nos últimos meses, multiplicáronse os episodios nos que, como consecuencia dunha situación de emergencia, están a perder a súa vida moitos traballadores do mar. Sen lugar a dúbidas, estes feitos deben levarnos a realizar unha reflexión sincera e profunda que, xunto á lóxica preocupación derivada destes sucesos, permita achegarnos á realidade coa responsabilidade lóxica de quen ten o deber de habilitar todos os medios que sexan necesarios para evitar este tipo de acontecementos ou, no seu caso, poñer en marcha un operativo de salvamento eficaz, capaz de actuar coa maior diligencia e, deste xeito, contribuír a salvar moitas vidas humanas.

Xunto a iso, son múltiples os datos que permiten poñer de relevo a existencia de importantes deficiencias no funcionamento dos medios de salvamento que operan nas nosas costas e, de xeito especial, en relación cos helicópteros adscritos ao Servizo de Galicia, o Pesca I –con base no porto de Vigo (A Coruña)- e o Pesca II- con base en Celeiro (Lugo).

De nada valen o intenso labor dos profesionais que integran os servizos de rescate -que están a desenvolver o seu traballo de xeito exemplar e nunhas condicións que non son as más axeitadas- se o Goberno galego e o Goberno central non realizan os esforzos necesarios por corrixir as eivas que se detectan nos distintos operativos de salvamento.

Conscientes desta realidade a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos viuse na obriga de traballar na mellora da operatividade dos medios adscritos ao Servizo Gardacostas de Galicia e, máis en concreto, dos medios aéreos –helicópteros- de competencia autonómica. Segundo as informacións ofrecidas polos distintos responsables autonómicos de Pesca, reflectidas en distintos medios de comunicación, o departamento que dirixe a socialista Carmen Gallego ten intención de aumentar os medios humanos e materiais do servizo. En concreto prevé que o helicóptero Pesca I con base en Vigo teña un novo cadro de persoal. Unha nova tripulación que permitirá a operatividade do servizo as 24 horas do día, cun tempo de resposta ante calquera emergencia non superior aos 10 minutos.



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

Malia que, á luz dos acontecementos relatados con anterioridade e no obxectivo de mellorar o servizo, debemos cualificar este anuncio como positivo, non deixa de ser unha medida insuficiente, por canto con ela non se cubre o cen por cen o litoral galego e, polo tanto, todas as situacións de emerxencia que se poidan producir na nosa costa. O Goberno bipartito está a esquecer de xeito deliberado aos servizos de salvamento e emerxencia marítima con área de influencia no litoral norte galego o que provoca non só unha situación de agravio comparativo en relación co anunciado reforzo do cadro de persoal do helicóptero Pesca I, senón tamén, o mantemento sine die, dunha situación de desprotección caracterizada pola imperatividade do servizo as 24 horas do día, os 365 días ao ano.

O Grupo Municipal Popular non pode entender, como de seguro tampouco o farán os cidadáns, que a Xunta de Galicia prime a protección da vida dun mariñeiro que traballa na zona sur fronte aos profesionais que traballan no litoral norte.

En resumo, de levarse a cabo o reforzo do cadro de persoal que opera no Pesca II –con base en Celeiro- tal e como esta moción pretende, garantírase a presenza dunha tripulación na base durante as 24 horas do día; o que permitirá ofrecer unha resposta inmediata no caso de emerxencia no mar. Na actualidade, existe un equipo presente na base de Celeiro en horario de mañá, pero pola tarde e pola noite as gardas non se están a efectuar con persoal presente na base o que triplica o tempo de resposta ante calquera incidencia.

Non debemos esquecer que a zona norte de Galicia se caracteriza por unha costa a mar aberto, de alto risco, e, en moitos casos, con condicións climatolóxicas adversas que aconsellan dispoñer dun servizo de emergencias permanente. O departamento que dirixe a socialista Carmen Gallego, non pode continuar actuando a base de improvisación e falta de dilixencia no desenvolvemento das súas funcións, máis ao contrario, debe promover a igualdade no acceso aos medios de emerxencia de todos os galegos, vivan onde vivan, e a súa correcta protección.

A maiores, é preciso solientar que o helicóptero Pesca II non só opera ante posibles alertas por continxencias marítimas senón que, en moitas ocasións, complementa o traballo dos servizos de emerxencia ante outro tipo de sinistros que se poidan producir en terra e nos concellos do litoral da costa da Mariña lucense e Ortegal.

O Partido Popular quere suliñar o seu compromiso coa mellora da seguridade marítima en Galicia. Un obxectivo no que debéramos coincidir co resto das forzas políticas galegas. Máis a pesar de que non dubidamos da vontade do PSOE e BNG por intensificar a seguridade nas nosas costas. O bipartito obstaculiza todo intento de análise rigoroso sobre a situación actual na que se atopan os medios de salvamento que dependen da Xunta de Galicia.

Sen lugar a dúbidas todas estas circunstancias deben circunscribirse á situación de deixadez xeneralizada que se apoderou do departamento que dirixe a socialista Carmen Gallego onde os seus máximos dirixentes ofrecen resistencia a ofrecer datos e



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

responder ás distintas interrogantes que xurden, `para así ocultar a súa clara responsabilidade nos problemas que se están a rexistrar a cotío nos servizos de salvamento marítimo que operan en Galicia.

Por todas estas razóns, o Grupo Municipal que suscribe, considera de interese municipal prioritario que o Pleno da Corporación ACORDE:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a que dote do cadro de persoal suficiente ao helicóptero PESCA II –con base en Celeiro-, tal e como pretende facer co helicóptero PESCA I –con base no porto de Vigo- de tal xeito que o reforzo na tripulación e a presenza permanente nas bases do seu persoal, permita a súa plena operatividade as 24 hors do día os 365 días ao ano e se reduza, deste xeito, o tempo de resposta.

SEGUNDA.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao Colexio de Pilotos e aos distintos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia.”

O Sr. Alcalde-presidente solicita o uso da palabra ao Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, para dicir que están de acordo co solicitado polo grupo do PP nos puntos 1 e 2 do acordo pero non o aproban se se inclúe a exposición de motivos, xa que consideran que é beneficioso ampliar a seguridade, pero aprobar a dita exposición de motivos sería aprobar a demagoxia.

O Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, manifesta que está de acordo con votar a favor dos acordos non da parte expositiva e quere lembrar que o BNG está a demandar as competencias exclusivas en seguridade marítima para Galicia.

Seguidamente, o Concellerio de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dí que despois de facer unhas apreciacións sobre as contradiccións que contén a redacción da exposición de motivos, manifestase, igualmente, conforme co aceptado polo PS de G e o BNG e, finalmente, pregunta ¿cando vai ter o mantemento o helicóptero se funciona as vintecatro horas?.

En contestación, o Concelleiro do PP que leíu a moción indica que hai unha tripulación que ten un horario determinado e o resto de tempo ten que atoparse localizada, pero que non hai que esquecer que existe un diferente tempo de resposta se a tripulación se atopa na base que senón se atopa nela e que o que se pretende con esta moción, é que o helicóptero Pesca II teña as mesmas prestacións que o Pesca I.

Nunha nova intervención, o Sr. Alcalde dí que a moción do PP vén a recoñecer que o que asinou o Conselleiro de Persca do PP, Sr. López Veiga, non garantía suficientemente a seguridade marítima, preguntando ao Voceiro do PP , se o seu grupo acepta que se voten únicamente os puntos do acordo da moción.



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

O Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, contesta afirmativamente á pregunta formulada, sinalando que o seu grupo non recorre á demagoxia nunca, xa que cando propoñen un asunto é porque consideran que é beneficioso e por iso, solicitan que o Pesca II funcione como o Pesca I, que teña as mesmas prestacións. Que loxicamente todo é mellorable e podería haber máis helicópteros disponibles, pero o mesmo sucede en todos os ámbitos da vida administrativa e hai que ter en conta as limitacións dos orzamentos.

A continuación, o Concelleiro do BNG, Sr. Goás Basanta, indica que se vai construir unha nova base de helicópteros entre Viveiro e Ferrol.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda prestar a aprobación a dita moción, sen exposición de motivos, cuxo tener literal dí:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a que dote do cadro de persoal suficiente ao helicóptero PESCA II –con base en Celeiro-, tal e como pretende facer co helicóptero PESCA I –con base no porto de Vigo- de tal xeito que o reforzo na tripulación e a presenza permanente nas bases do seu persoal, permita a súa plena operatividade as 24 horas do día os 365 días ao ano e se reduza, deste xeito, o tempo de resposta.

SEGUNDO.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao Colexio de Pilotos e aos distintos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia.

4.2.- VULNERABILIDADE FINANCIEIRA DOS CONCELLOS ANTE A CRISE ECONÓMICA.

O Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, fai un resumo da moción presentada e dí qu propoñen se realice unha modificación estructural da financiación local.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, que dí que antes de cederlle o uso da palabra ao Sr. Alcalde, ten que sinalar que aínda que neste Concello diminuiron os ingresos por licencias urbanísticas, como o que pretendan no seu goberno é un Concello sostible, considera que despois de transcorridos dez anos é cando se verán os resultados dese freo na edificación e indica que van a votar a favor.

Seguidamente, o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta, manifesta que vai votar en contra porque é unha moción xenérica na que se obvia á Xunta de Galicia e a FEGAMP. Sinalando, a seguir, que nas negociacións co Estado, o Goberno Galego conseguiú que se teñan en conta criterios como a dispersión e o avellentamento da poboación.



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

Intervén, a continuación, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, dicindo que é certo que hai problemas. Que os concellos prestan servizos por enriba das súas competencias, pero que el se sente moi feliz da suspensión das licencias de obras, xa que de seguir como ía o asunto, non sabe onde se iría a parar. Que comparte plenamente o dito polo BNG e que habería que incluir á FEGAMP na moción. Refírese, seguidamente, ao punto 2º da moción onde se cita os seis maiores municipios de España e unha representación dos municipios medianos e pequenos que se reunirán coa Administración do Estado, e que el pide que se suprima na moción a referencia a eses seis concellos, xa que do contrario, eses levarán o máximo e os demás as faragullas; por todo isto, vai votar en contra da moción.

O Sr. Alcalde-presidente intervén contestando aos Concelleiros do BNG e IU-EU, puntuizando que non se está a falar do ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, senón do Estado, e que a FEGAMP forma parte da FEMP, e que o que prantexa o BNG cos criterios de dispersión e avellentamento é para a financiación autonómica, non para a financiación local. Que está de acordo coa moción do PP porque hai que decirlle ao Estado que a financiación local non pode depender das licencias de obra que se outorguen. En canto ás afirmacións do Concelleiro de IU-EU sobre a supresión da referencia ás seis Cidades más importantes, ten que lembrarlle que hai unha realidade que é a da porcentaxe dos votos que representan na Federación Española de Municipios e Provincias.

Nunha nova quenda de intervencións, o Voceiro do PP, Sr. Leal Arias, agradece ao grupo do PS de G-PSOE o apoio, xa que comprende o sentido da moción, afirmando que non entende a postura do BNG e IU-EU, xa que o BNG parece que actúa no nome da Xunta de Galicia e que el mesmo, neste caso, non actúa como Deputado provincial, xa que a súa representatividade nesta sesión é a de Concelleiro. En canto a postura do Concelleiro de IU-EU, que condiciona a aprobación da moción a que non figuren os seis maiores municipios de España, pregúntalle ¿que número de municipios maiores aceptaría que figuraran?. Respondéndolle o interpelado que ningún. Continúa na súa intervención o Sr. Leal, refiríndose a que na súa exposición da moción non entrou no asunto de se foi bo ou malo urbanísticamente a suspensión das licencias de obras, senón o que supón este feito aos efectos dos ingresos, extremo que dí non afectou só a este Concello polo motivo da suspensión dita, senón a todos por mor da situación económica.

Por alusións, responden: o Concelleiro do BNG, dicindo que é innegable que a introducción dos criterios sinalados, afectará, para mellor, a todos os Concellos e a Viveiro; e o Concelleiro de IU-EU, manifestando que os seis municipios grandes, xa teñen a súa porcentaxe na FEMP, pero que desta maneira que se recolle na moción, van a levar as prebendas.

Non se producen outras intervencións e, a seguir, procédese a efectuar a votación da moción que exclúe da mesma o preámbulo, e o Pleno da Corporación, por maioría de quince votos a favor (PS de G-PSOE e PP) e dous votos en contra (BNG e IU-EU), acorda aprobar os acordos da dita moción que textualmente dín:



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

“PRIMERO.- Reclamar al Gobierno de España un Acuerdo simultáneo y vinculado con las Comunidades Autónomas y los Entes Locales para la reforma urgente de la financiación local paralela a la de financiación autonómica y para establecer las bases del Pacto Local, de forma que los Entes Locales puedan contar antes de que finalice este año con unas normas claras y precisas que se adecuen a sus necesidades reales de financiación, les doten de mayor capacidad normativa y solucionen el déficit arrastrado por la prestación de servicios impropios.

Igualmente se insta al Gobierno para que la futura reforma de la Ley de Bases de Régimen Local aborde definitivamente la delimitación precisa de las competencias de los Ayuntamientos y Diputaciones Provinciales, al objeto de evitar la situación actual de asunción de competencias impropias.

SEGUNDO.- Exigir al Gobierno de la Nación la creación urgente de un Consejo Local de Política Financiera, que se reunirá trimestralmente con la Administración General del Estado y en el que participarán la Federación Española de Municipios y Provincias, los seis mayores municipios de España y una representación de municipios medianos y pequeños para tratar los temas de interés bilateral: actualización del catastro, transferencias estatales, gestión de los convenios y cooperación administrativa.

TERCERO.- Exigir al Gobierno de la Nación un incremento, en la Participación en Ingresos del Estado por parte de los Entes Locales para el ejercicio 2009.

CUARTO.- Solicitar al Presidente de la Federación Española de Municipios y Provincias, la celebración de una Asamblea Extraordinaria de la FEMP que reivindique la reforma de la financiación local, su estabilidad presupuestaria y el saneamiento de las haciendas locales, de forma que puedan los Entes Locales garantizar a los ciudadanos los servicios que necesitan en condiciones de igualdad y equidad, y para alcanzar el peso político e institucional que corresponde a los Entes Locales como administración más cercana.”

5º.- PROPOSTA DE BONIFICACIÓN DO 90% DA LICENCIA DE OBRA SOLICITADA POLA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CELEIRO “SANTIAGO APÓSTOL”.

Polo Sr. Alcalde exponse que a Confraría de Pescadores “Santiago Apóstol” de Celeiro, solicitou licencia para facer obra para acondicionar un local multiusos destinado á propia Confraría e sinala que aínda que non se recada moito pola licencias de obra, propón que tendo en conta ao colectivo para o que vai prestar servizo, se acorde a bonificar o 90% do importe do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras.

Aberta a quenda de intervencións, maniféstanse de acordo os Concelleiros do BNG e IU-EU, así como o Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que dí que manteñen a postura exposta noutros acordos deste carácter, cara a unha modificación da Ordenanza e a unha exención total do ICIO, por razóns de interese social.



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), acorda:

PRIMEIRO.- Conceder á Confraría de Pescadores de Celeiro "Santiago Apóstol" a bonificación polo máximo permitido legalmente do importe do ICIO, que corresponda, pola licenza de obra para construción dun local multiusos destinado á Confraría de Pescadores de Celeiro, por considerar de interese social a labor que desenvolve a dita entidade.

SEGUNDO.- Conceder unha subvención pola contía do resto de tributos municipais que cómpre aboar pola citada licenza de obra.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Confraría de Pescadores de Celeiro "Santiago Apóstol" e aos departamentos de Obras, Intervención e Tesourería."

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Concelleiro, D. Guillermo Leal Arias, Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, se formulan os seguintes rogos e preguntas que, textualmente, dín:

1º.- El 1 de enero del 2007 entró en vigor la Ley de Dependencia, y con ella el derecho a recibir la prestaciones por parte de los interesados.

¿Cuántas solicitudes se han tramitado a través de los servicios sociales del Concello a día de hoy? ¿Cuántas personas disfrutan de la prestación que les corresponde a tenor de lo explicitado en la ley en nuestro municipio?

Polo Sr. Alcalde dánse as respuestas que se intercalan ás preguntas formuladas polo PP e que, textualmente. dín:

O Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia establece que "correspónelle ao Departamento da Administración autonómica competente en materia de servizos sociais, a través das súas delegacións provinciais, a tramitación dos procedementos para o recoñecemento da situación de dependencia e, se é o caso, do dereito aos servizos e prestacións económicas do Sistema para a Autonomía e Atención á Depedencia na Comunidade Autónoma de Galicia. En consecuencia, corresponderalle a valoración da situación de dependencia, a resolución do recoñecemento da situación de dependencia, a prescripción de servizos e prestacións económicas, a aprobación nos termos acordados coa persoa interesada do Programa individual de atención, así como efectuar as correspondentes revisións.

Tendo esto en conta:

- No Concello de Viveiro tramitáronse á data 1 de setembro do 2008, duascientas corenta e nove solicitudes para o recoñecemento da situación de dependencia.
- Das 249 solicitudes teñen resolución de recoñecemento da situación de dependencia 107 persoas.



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas Dependentes establece na súa disposición derradeira primeira unha aplicación progresiva da efectividade do derrito ás prestacións de dependencia, así no ano 2008 únicamente son susceptibles de entrada no sistema de dependencia os grandes dependentes niveis 1 e 2 e os de Grado II nivel 2. Con estas características o concello de Viveiro conta con 81 persoas.

Unha vez recoñecida a situación de dependencia procédese a elaboración da proposta de ón da proposta de coidados coa participación da persoa interesada ou representante, remitíndose á delegación provincial para que resolva sobre o Plan de coidados, que se deberá producir no prazo máximo de 6 meses dende a notificación da resolución do recoñecemento de dependencia.

2º.- El día 3 de octubre de 2005 el Jefe Provincial de Carreteras y el Sr. Alcalde presentaban a la prensa el proyecto que regula el acceso Chavín-Lugo-Viveiro-Landrove a través de una rotonda ¿Para cuando la ejecución de tal proyecto?.

O Sr. Alcalde dí que se presentou o proxecto e se falou cos veciños que puxiron problemas ao recuamento e a rotonda non se incluíu no Orzamento por non existir cesión de terreos, pero indica que se vai a incorporar se a cesión se produce, xa que de o contrario habería que ir á expropiación.

3.- A preguntas en pleno del 3 de diciembre del 2007 sobre la apertura del camino “DA PICHA” en Valcarría se evidenció que éste seguía cerrado y sin recuperar a pesar de las gestiones de la alcaldía.

A día de hoy esta situación persiste pues las cadenas siguen obstaculizando el tránsito de un camino municipal ¿Qué trámites ha seguido este gobierno para su recuperación desde aquel pleno hasta el día de la fecha?, ¿Qué motivos existen para que no se haya aperturado el citado camino a día de la fecha? ¿Para cuando se prevé la apertura del camino como espacio público que es?.

El Sr. Alcalde responde que el camino cerrado con las cadenas en el inventario de bienes no consta como de titularidad municipal, esa es la razón por la cual no es tan inmediata la acción de apertura del mismo, en su momento, el propietario abrió el camino por su propiedad, sin haber hecho ninguna cesión del mismo al Excmo. Concello de Viveiro.

Aunque este camino aparece como un ramal del camiño da Picha, no es de titularidad municipal.

Si se sabe que la empresa “Construcciones Paulino, S. L.” lo asfaltó en su momento.

4º.- El estanque del parque “Pernas Peón” todavía sin patos y sin reparar la barandilla de cierre ¿Cuándo subsanará AQUAGEST los problemas descritos por el Sr. Alcalde en el Pleno del 8 de mayo? y ¿está controlada la jineta?...



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

Contesta, el Sr. Alcalde, que dentro del proyecto de reforma del paseo marítimo de Covas está reflejada la reforma del parque “Pernas Peón” de Covas y, más en concreto, la reforma integral del estanque de los patos.

No obstante, y por motivos accidentales, al producirse la caída de un árbol sobre dicho estanque, se rompió la barandilla siendo preciso la reposición de la misma.

Además de la barandilla y según el departamento de obras, es necesario echar el suelo del estanque nuevo para eliminar las filtraciones que posee.

El muro de piedra lateral está en zonas desplomado por el empuje de las raíces de los árboles, siendo necesaria su reconstrucción parcial.

El sistema de abastecimiento de agua desde el río hay que reformarlo para garantizar el máximo caudal hacia el estanque.

La red de desague del estanque no funciona ya que está conectado al antiguo alcantarillado que atravesaba el parque, dicho alcantarillado en desuso está taponado.

Como se puede apreciar la mejor intervención que se puede hacer es reconstruir el estanque en su totalidad para lo cual y, dada la urgencia y envergadura de la obra, se está redactando una memoria valorada para presentarla ante la Consellería de medio ambiente y desmembrarla del proyecto de reforma del paseo marítimo de Covas.

En cuanto a la jineta: “non está controlada, está en busca e captura.”

5º.- La grada norte del estadio municipal de Cantarrana sigue sin techumbre ¿Cuándo se va a proceder a la colocación de la misma, pues lleva ya un año pendiente?.

Responde, el Sr. Alcalde, que no es su delegación (preguntar a Cal), no obstante, en el anexo de inversiones para el ejercicio 2008, en la partida 452-622 se contempla una cuantía económica de 14.000,00 € para dicha obra que es la cantidad que debe aportar el Concello para la subvención que se solicitó, estamos a expensas de que nos digan si la conceden.

6º.- ¿Fueron adquiridas por el Concello las gradas que se instalaron en la Plaza Mayor durante las fiestas de verano?.

Contesta o Sr. Alcalde que o Concello non as adquiriu que acudiu a entidades públicas e privadas e una destas doalas.

7º.- Los contenedores de basura siguen sin anclajes que los sujeten, lo que ocasionan riesgos para vehículos y peatones. Dado que nos acercamos al otoño y los vientos pueden agravar la situación y ocasionar algún daño o desperfecto le preguntamos al Alcalde si tiene pensado solucionar tal situación ¿Cuándo?.

El Sr. Alcalde contesta que hace cuatro meses y como previsión de esta necesidad se adquirieron 50 unidades de anclajes de sujeción de contenedores, dichos anclajes están en el almacén de obras y se van colocando según las necesidades. Añadiendo que se montó un taller propio para hacer este tipo de trabajos en la antigua nave pequeña de INUSA.



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

8º.- En el Pleno del 28 de enero el Sr. Alcalde responde afirmativamente a la pregunta formulada por el PP sobre la puesta en marcha de los colectores de basura subterráneos situados frente al Conservatorio. Decía “que la recepción estaba firmada” después de hablar con el Delegado.- ¿Podría aclararnos algo más al respecto? ¿Para cuándo la puesta en marcha del servicio?.

Se contesta polo Sr. Alcalde que está asinada polo exconselleiro de Medio ambiente, J. M. Barreiro pero non polo Concello. Que están a ver como desfán ese desaguisado do actual xefe do PP de Lugo, e que haberá que fixar unha Partida Orzamentaria.

9º.- Se va a cumplir un año desde la firma del contrato que el Sr. Alcalde suscribió con las propietarias de la vieja ferretería de la Plaza a razón de 300 euros al mes, según consta en el Pleno del 3 de diciembre de 2007, para rehabilitar como sala de exposiciones ¿Qué pasos se han dado desde entonces? ¿Existe ya un proyecto? ¿y presupuesto? ¿está contemplado en los presupuestos del 2008? ¿Con cargo a qué partida? ¿Cuál es el plazo de ejecución?.

Contesta que el Concello de Viveiro a día de hoy puede hacer uso de un local y dos inmuebles en la Praza Maior de Viveiro, es decir pasó de 1 a 3.

El objetivo es adecuar cada uno de ellos para su uso público, hecho que se está cumpliendo:

- La nueva Casa Consistorial está terminada.
- La vieja Casa Consistorial está pendiente de adjudicar el proyecto de reforma interior (120.000.00 €, proyecto a ejecutar mediante el POS 2008).
- Para la anualidad 2009 se pretende iniciar el desarrollo del proyecto para la sala de exposiciones, previa tramitación de las ayudas pertinentes al igual que los casos anteriores.

Neste intre, o Sr. Interventor indica que nos Orzamentos do ano 2008, existe Partida presupostaria para tal fin, polo que unha vez que estean aprobados definitivamente, se poderá facer efectivo o pagamento.

10º.- En el Pleno del 8 de mayo el Sr. Alcalde manifestaba que las cuentas de las fiestas estaban supeditadas a la aprobación inicial de los presupuestos del 2008. ¿Cuándo se nos facilitarán?.

Responde o Sr. Alcalde que na próxima sesión da Comisión Informativa de Facenda.

11º.- En la XGL 14/5/08 405, en la obra del Entorno de Valdeflores el Ayuntamiento deberá aportar un 30% de los 115.000 euros presupuestados ¿En qué partida están contemplados? y si esta no existe ¿Cómo se van a financiar?.



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

El Sr. Alcalde contesta que la partida 511-61101 del anexo de inversiones para el ejercicio 2008 del Ayuntamiento de Viveiro contempla 41.006,86 € para la “Regeneración de Xunqueira”.

Responde o Sr. Alcalde que o grupo do PP ten expertos neste materia, e non votou a favor dos Orzamentos de 2008.

12º.- A principios de verano se han pintado diversos pasos de cebra en Viveiro, Covas y Celeiro. Dado que todavía percibimos algunos que no han sido retocados. ¿Cuándo se contemplará el trabajo en el resto del municipio?

El Sr. Alcalde contesta que por necesidades propias del verano se han priorizado las zonas más concurridas, continuando en breve con el resto del municipio.

13º.- Durante el verano algunos vecinos de Viveiro han echado en falta las zodiacs que los equipos de socorrismo utilizaban en las playas para sus labores de vigilancia y salvamento ¿Dónde están dichas zodiacs? ¿Porqué no se ha utilizado?

O Sr. Alcalde contesta que as zodiac se utilizaron, non durante un período de baixa dos socorristas que tiñan habilitación para o manexo desas embarcacións.

14º.- Varios vecinos de la calle Villafranca del Bierzo en Viveiro y calle Congostras en Covas han hecho llegar sus quejas a este grupo sobre los desperfectos que sufre el vial ¿Tiene previsiones el gobierno municipal para su reparación?

Responde el Sr. Alcalde que sí y que por primera vez, se le echó aglomerado el año pasado; no obstante, como ha habido desperfectos, lo arreglarán con la colaboración de la Diputación.

15º.- Los vivarienses, y en concreto los vecinos de la calle Alonso Pérez lamentan la situación de abandono y deterioro en la que se encuentra sumida la zona. La estrechez de la calle y el tráfico que soporta sobre todo en época veraniega por ser ésta la única alternativa de salida hacia Lugo huyendo de los atascos de la travesía y circunvalación la hacen especialmente sensible e interesante ¿Tiene pensado el gobierno realizar alguna intervención que mejore y dignifique su estado?

Contesta el Sr. Alcalde que la calle Alonso Pérez HA SIDO SIEMPRE un tapón y un problema de circulación que debería de haber sido solucionado hace muchos años; no obstante, a día de hoy con la construcción de Vilamiño, la intervención en el Cristo de los Malates y las actuales negociaciones con Alfonso de las Gaseosas para la continuidad del vial hacia Villafranca del Bierzo se mejorarán notablemente las deficiencias marcadas.

16º.- ¿Para cuando está prevista la construcción de la pista polideportiva en Lodeiro?



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

Responde el Sr. Alcalde que la partida 511-61101 del anexo de inversiones para el ejercicio 2008 del Ayuntamiento de –Viveiro contempla 40.000,00 € para la “Pista de recreo de Lodeiro”.

17º.- El acceso a la playa de Area desde el cruce anterior a la nueva iglesia presenta un aspecto deplorable en cuanto al firme se refiere, así como la zona de aparcamiento en el mismo lugar ¿Desde el gobierno municipal tienen pensado la reparación de ese vial? Y si es así ¿para cuando?.

Contesta, el Sr. Alcalde, que el proyecto de Excavación y puesta en valor del yacimiento arqueológico Romano-tardío en la playa de Area, T.M. de Viveiro (Lugo), contempla la reforma integral de este vial, así como el aumento de las plazas de aparcamiento.

18º.- Siguiendo en la playa de Area, en las inmediaciones del albergue han estado todo el año una caseta de obra, así como restos y escombros de alguna obra realizada ¿Para cuándo tiene pensado desalojar dicho espacio y adecentarlo para poder aparcar?. Asimismo, durante la época veraniega y ante la masiva afluencia de personas con sus respectivos vehículos estacionado por todo lados ¿Tiene la Alcaldía previsto incrementar las zonas de aparcamiento en esa zona, ampliándola frente al inicio del paseo marítimo?.

El Sr. Alcalde responde que la finca en cuestión no forma parte del inventario de Bienes Municipales motivo por el cual el Concello no puede actuar sobre la misma.

Con todo, podemos indicar que la caseta de obra se instaló para dar servicio a los trabajadores a que llevaron a cabo la ejecución de la obra “Actuación hidráulica de emergencia para solventar la elevada contaminación microbiológica mediante la ejecución de obras de saneamiento. Eliminación de focos de vehículos árida de Viveiro, Viveiro (Lugo)”, da Xunta de Galicia. Además, esta caseta de obra estuvo instalada únicamente entre 3 ó 4 meses (tiempo necesario para ejecutar la mejora del bombeo e instalar el sistema anti-ariete) y ya ha sido retirado a finales del mes de junio.

En cuanto a la posibilidad de ampliación de aparcamientos en la playa de Area el Concello de Viveiro ha adecentado este verano una parcela de titularidad municipal próxima al Bar “Flora” para destinarla a aparcamiento con capacidad para 50 vehículos aproximadamente, de igual forma y como ya se ha reflejado en la respuesta 17 en el proyecto de Excavación y puesta en valor del yacimiento arqueológico Romano-tardío en la playa de Area. T.M. de Viveiro (Lugo), se contempla la creación de un área de aparcamiento para 100 vehículos aproximadamente.

19º.- En el incendio ocurrido en la Avda. Navia Castrillón el pasado día 6 de septiembre, preguntamos al Sr. Alcalde ¿Existe un protocolo de emergencia en el Concello de Viveiro?, si es así ¿Por qué no se puso en práctica?. Así mismo y ante un percance de esa índole ¿Por qué no se ha desviado el tráfico por la nueva variante para facilitar el trabajo en la zona del siniestro? y ¿el operativo de intervención rápida del Concello realiza simulacros con los equipos de que disponen para actuar en posibles situaciones de emergencia?.



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

El Sr. Alcalde responde que enviaron al responsable de intervención rápida a los cursos de formación, incluido uno en colaboración con “Alcoa”. Añadiendo que no existen protocolos, sino unas directrices de protección civil, pero indica que el problema es la falta de rotundas para el giro de los camiones. Señalando que se encontraba la Guardia Civil regulando el tráfico. Insiste que el responsable del GRUMIR fue al mejor curso contra-incendios que imparten en Gijón, abonando los gastos el Concello. Agradeciendo a la empresa “Alcoa” haya incluido a esta persona a efectos de asistencia a dicha acción formativa.

20º.- En el área de Servicios Sociales del Concello, más concretamente en la oficina de Xuventude, desde mediados del mes de agosto, por la finalización del contrato de la persona que estaba en la misma, no hay ningún empleado/a para la atención al público ¿A la fecha de esta sesión del pleno está solventada dicha situación? Si no es así para cuando se prevé que pueda volver a estar en funcionamiento?.

Polo Sr. Alcalde respóndese que non é certo e que a data de hoxe incorporouse unha persoa.

RUEGOS

1º.- Ante el incendio ocurrido, citado anteriormente, el Partido Popular de Viveiro, quiere dar las gracias públicamente a las fuerzas del orden, asistencias sanitarias, medios de extinción, así como a personas particulares que han colaborado, debido a que ha quedado demostrado a hechos como el sucedido, es por lo que rogamos se dé la mayor celeridad posible a la implantación del parque de bomberos en Lavandeiras, Celeiro.

O Sr. Alcalde contesta que hai un artigo do antigo Voceiro do PP, no que se alegraba de que levaran o parque de bombeiros para Cervo.

Igualmente, dí que vai a licitarse dito parque, lembrando que o anterior Presidente da Deputación de Lugo, dicía que non estaba previsto ningún parque na Mariña e agora o paga a Deputación e a Xunta.

2º.- Rogamos al equipo de gobierno del Concello a que realice las gestiones oportunas para la ampliación del puente del ferrocarril de Feve, en Verxeles, para dotar a dicha vía de las aceras que permitan el paso de viandantes sin el riesgo de que sean atropellados.

O Sr. Alcalde dí que agradece que apoien as xestións do governo do PSOE.

3º.- En la zona de la Avda. Ramón Canosa, a la altura del Centro de Salud y los edificios “Solimar”, y para acceder al puerto deportivo es necesario o bien ir hacia Celeiro a la entrada al puerto o hacia Viveiro por la entrada principal al mismo. Rogamos al Sr. Alcalde estudie la posibilidad de realizar un proyecto para el acceso peatonal al puerto deportivo en esa zona sin tener que dar todas la vueltas señaladas.”



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

O Sr. Alcalde contesta que existe un proxecto redactado por D. Santiago Meitín, que inclúe a retirada de valado.

A seguir, polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, se formulan os seguintes rogos e preguntas, cuxa transcripción literal dí:

“1.- Na marxe esquerda da estrada xeral a Lugo á altura da escola de Magazos dáse unha situación bastante degradante por motivo duns vertidos á cuneta da dita estrada, denuncia que xa fixo este portavoz no seu momento. Na actualidade dáse unha circunstancia moi preocupante, que se acometeu obra de saneamento desa zona, máis ou menos na metade do traxecto. ¿Este vai quedar así ou vaise acometer a totalidade da obra?.

O Sr. Alcalde responde que a mitade do asunto está solucionada e que o restante se vai acometer.

2.- Como xa preguntei en pasados plenos, polos distintos camiños do Concello seguen aparecendo os carteis do dichos Plan Galicia. ¿Para cando a súa retirada?.

O Sr. Alcalde contesta que na medida que teñan tempo se van a ir retirando.

3.- As árbores do cerre do Asilo vese que teñen unha altura esaxerada, que causa molestias no edificio colindante. ¿Vaise tomar algún tipo de medida con esta altura que teñen as árbores nunha zona urbana?.

Contesta o Sr. Alcalde que dará traslado ao departamento de Urbanismo para que se comproben alturas e, se é o caso se requira ao Asilo.

4.- ¿En que situación se atopa aquel prometido plan de seguridade laboral Municipal?. ¿Ten voste a seguridade de que todas as empresas que traballan para o Concello, teñen os seus traballadores dentro da legalidade?. Un dato interesante foi que na tala de árbores que se está a realizar no Paraíso (non digo isto porque sexa o Paraíso, seguramente tamén sucederá noutros montes), traballouse ata horas intempestivas e domingos todo o día, o cal ven a poñer en dúbida a existencia deste Plan. Isto sen mencionar outros sinistros acontecidos no noso Concello e de tristes recordos para todos.

O Sr. Alcalde resposta que reiterará a necesidade do cumprimento da normativa de seguridade, pero quere lembrar que non é competencia do Concello a vixianza do seu cumprimento.

5.- A pesares dos insignificantes actos vandálicos que acometen no noso Concello, Días pasados cortaron un balconcillo da ponte que ultimamente foi reparada, tal como vostede ten coñecemento. ¿Son sabedores deste feito as distintas forzas de seguridade ou teñen aberto algún tipo de investigación?



EXCMO. CONCELLO

DE

VIVEIRO

Praza Maior, 1. 27850. Viveiro (Lugo) Tfno: 982.56.01.28 Fax: 982.56.11.47 Correo electrónico:viveiro@fegamp.es

O Sr. Alcalde contesta que coidan que teñan o mesmo bo resultado que no caso do polideportivo que se tomaron os datos de dous menores implicados.

6.- ¿Ten vostede coñecemento de se existe algunha ilegalidade no uso das últimas Vivendas Sociais concedidas en Celeiro?.”

O Sr. Alcalde resposta que non ten coñecemento.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e dúas horas e corenta minutos esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.